

GALEGO

As oracións teñen dúas partes:

- **O suxeito**, indica quen fai a acción.

Exemplo: O neno estuda na casa.

Para recoñecer o suxeito preguntamos quen fai a acción. (Quen estuda na casa? O neno, xa temos o suxeito).

Ás veces, nas oracións non vemos escrito o suxeito, pero existe.

Exemplo: Gañou o primeiro premio. (Quen gañou o primeiro premio? El).

- **O predicado**, indica a acción que realiza o suxeito.

Exemplo: María corre polo campo.

Para recoñecer o predicado preguntamos que fai o suxeito. (Que fai María? Corre polo campo, xa temos o predicado).

O verbo e o predicado sempre teñen o mesmo número (concordan en número).

1. Que parte da oración é a que está en vermello?

		SUXEITO	PREDICADO
As árbores quedaron sen follas.	→		
Os rapaces xogan aos agochos.	→		
Caeu no parque miña irmá lía.	→		
Antón é o meu mellor amigo.	→		
Mañá, meu pai, irá de viaxe.	→		

2. Que oracións non concordan?

Antón e Sabela vai a praia no verán.

A herba medra coa choiva.

A bicicleta están estragadas.

As vacas do meu tío dan un leite moi bo.

3. Emparella.

Miña irmá	●	●	lestes un libro de poemas.
Antón e ti	●	●	escribiron unha carta.
Xoán e Xael	●	●	bailou no festival do cole.
Eu	●	●	cantamos unha canción.
Cloe e eu	●	●	recortaches moi ben.
Ti	●	●	saltei case tres metros.

4. Relaciona os tipos de oración co seu exemplo.

Gala conseguiu o premio!	●	●	Enunciativa
Xulián celebrou o seu aniversario.	●	●	Interrogativa
Remataches o traballo?	●	●	Exclamativa
Non sei se poderei ir.	●	●	Imperativa
Ide buscar a cadela.	●	●	Dubitativa

5. Que oración non é...

Enunciativa

Calade dunha vez.

Mañá vou ao cine.

Dubitativa

Non sei que facer de comer.

Co vento caeu una árbore.

Exclamativa

Lucía celebrou unha festa.

Que sorte tiveches!